

# **PROGRAMACIÓN**

## **DO 3º NIVEL**

### **CURSO 2020-2021**

**3ºA – María Jesús Pais Currais**

**3ºB – Carlos Rodríguez Rodríguez**

**3ºC – Alba María Brandariz Castro**

## **1.XUSTIFICACIÓN.**

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

- 2.1 Características do entorno.
- 2.2 Características do centro.
- 2.3 Características do alumnado.

## **3.DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

## **4. METODOLOXÍA**

- 4.1 Principios didácticos.
- 4.2 Estratexias de intervención educativa.
  - 4.2.1 A nivel presencial
  - 4.2.2 A nivel non presencial
  - 4.2.3 A nivel semi presencial

## **5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- 5.1 Pequenas dificultades ou ritmo lento.
- 5.2 Alumnos de incorporación tardía procedente do estranxeiro.
- 5.3 Alumnos con neae.

## **6. RECURSOS DIDÁCTICOS**

- 6.1 Recursos persoais.
- 6.2 Recursos materiais.
- 6.3 Recursos ambientais.

## **7. PROXECTO LECTOR**

## **8. AVALIACIÓN**

- 8.1 Parámetros LOMCE:
- 8.2 Criterios de cualificación
  - 8.2.1 A nivel presencial.
  - 8.2.2 A nivel non presencial.
  - 8.2.3 A nivel semi presencial.
- 8.3 Instrumentos de avaliación.
- 8.4 Autoavaliación.

## **9. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN**

- 9.1 Plans de reforzo e recuperación para alumnado sen materias suspensas.
- 9.2 Plans de reforzo e recuperación para alumnado con materias suspensas.

## **10. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR (Temporalización, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e temas transversais)**

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

## **12. CELEBRACIÓN DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

## **13. CONCLUSIÓN**

## 1. XUSTIFICACIÓN

Atopámonos nunha etapa de pandemia, de cambios continuos de metodoloxía e de organización curricular que nos vai a afectar á nosa práctica diaria e tamén á hora de desenvolver a nosa programación anual para este cuarto nivel. Pensamos, como titores e titoras, que a nosa programación deberá estar guiada e orientada por:

- Unhas ideas ou aspectos científicos, é dicir, as ideas teóricas que numerosos autores/as aportan sobre o desenvolvemento do proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Unas referencias legislativas básicas de obrigado cumprimento, que recollerán estes aspectos científicos e os traducirán en normas legais de funcionamento, que desenvolverán a práctica educativa dentro da legalidade.
- As propias experiencias educativas, tanto as nosas propias como as dos compañeiros que nos foron enriquecendo ó longo da viaxe do ensino que nos levou polas diferentes etapas e ciclos.

Estas referencias legislativas básicas serán:

- *Artigo 27 da Constitución, que proclama o dereito á Educación.*
- *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 09/09/14). Derroga o Decreto 130/2007, do 28 de xuño.*
- *Orde de xuño do 2.016 polo que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021- 2022 (incluídas as actualizacións posteriores das recomendacións sanitarias do Comité Clínico).*

Polo tanto, a partires da adecuación ó contexto no que nos atopamos e das características dos nenos e nenas, estableceremos unha serie de estratexias de intervención didáctica que, ademais de intentar asegurar a coherencia da práctica educativa no centro, terá como obxectivo fundamental o desenvolvemento integral de cada neno e nena ó longo do curso.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

Xunto coas referencias anteriores, antes de levar a cabo unha programación, é de vital importancia que realicemos unha análise do contexto no que se vai a desenvolver, xa que diso dependerá o establecemento duns determinados obxectivos, contidos, principios metodolóxicos e criterios de avaliación cos seus respectivos estándares.

## 2.1 Características do entorno.

Ordes atópase nunha chaira a medio camiño entre Compostela e A Coruña. A altura sobre o nivel do mar oscila entre os 461 m nos montes do sur e os 450 m no norte e neste sentido flúen os cursos de auga, que desembocan case todos no río Tambre.

O concello ocupa 157 km<sup>2</sup> e un terzo da poboación reside na capital, Ordes. Está atravesado pola N-550, a AP-9 e polo ferrocarril entre A Coruña e Compostela.

Ordes é a capital da Mancomunidade de Ordes, composta tamén polos concellos de Trazo, Tordoia, Cerceda, Mesía, Frades e Oroso, cun total de 39.004 habitantes. O concello de Ordes está sobre os 13.000 habitantes, aproximadamente.

Na actualidade, un cuarto da poboación dedícase ao sector primario (especialmente gando bovino para o sector lácteo).

No que se refire ó sector secundario ou industrial, destaca o sector téxtil e a construción. Segundo a web do Concello de Ordes, en 2011 había rexistradas 21 empresas dedicadas á produción téxtil.

O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por menor que dan servizo non so a Ordes senón tamén ós Concellos da Mancomunidade de Ordes, cun sector comercial máis reducido

Respecto ao clima, as precipitacións son abondosas e superan os 1.500 mm anuais. A temperatura media é de 13 °C, se ben xea todo o ano excepto no verán. Boa parte do territorio está ocupado por lameiros e bosques de eucaliptos.

## 2.2 Características do centro.

### Recursos materiais:

Está formado por tres bloques de edificios : un para primaria, onde se atopan as aulas, a conserxería, a sala de mestres e mestras, a aula de informática, a biblioteca, o comedor e o espazo de administración, e dous para educación infantil, onde se atopa tamén, ademais das aulas, o despacho de orientación .

Conta , ademais dos patios de recreo e pistas polideportivas, cun pavillón e un un gimnasio.

Resaltar que practicamente todos os espazos do centro estarán adaptados ao protocolo sanitario establecido pola Consellería : comedor, corredores, entradas, saídas...

Incluso algunhas aulas cumprirán unha función diferente con respecto ao establecido en anos anteriores. Por exemplo, a aula de relixión será a aula de illamento para o alumnado con síntomas compatibles á covid 19 e a aula de música dará servizo de comedor.

### Recursos humanos:

Estamos a falar dun colexio de 24 unidades, 7 de infantil e 17 de primaria, cos seus respectivos mestres titores, 13 mestres especialistas, máis dous mestres que apoiarán aos titores de infantil.

Ademais do equipo directivo, e o persoal non docente: pais e nais (ANPA) persoal de comedor, limpeza e conserxe.

O centro conta con xornada continua e servizo de comedor cun horario lectivo que será de 9:00 a 14:00 de luns a venres, e de 15:30 a 18:30 as tardes dos martes.

## 2.3 Características dos alumnos e alumnas:

Como mestres de Educación Primaria debemos interesarnos por saber que din os diferentes autores sobre como son os nenos/ as desta idade, e cales son as características nos seus diferentes planos de desenvolvemento, de xeito que teñamos coñecementos dabondo para que a nosa programación realmente se axuste ás características e ás necesidades dos nenos/as :

- **Desenvolvemento cognitivo:** seguindo a Piaget podemos dicir que os nenos e nenas desta idade atópanse no período de operacións concretas ( 6 a 12 anos) , no que xa son quen de realizar operacións lóxicas para unha mellor representación da realidade. Comezan a saír do “seu mundo” e a relacionar conceptos alleos a el.
- **Desenvolvemento motor :** segundo seguen afianzando o seu esquema corporal e o control da lateralidade polo que é neste período cando se consolidan os seus esquemas motores básicos. Falamos sobre todo de psicomotricidade.
- **Desenvolvemento afectivo e social:** segundo deixan un pouquiño de lado o egocentrismo que ata agora guiaba as súas relacións cos outros, e comezan tamén a desenvolver o respecto polos demais. Fomentaremos actitudes de cooperación. Este curso, debido á excepcional situación sanitaria na que nos atopamos, prestaremos especial atención ás circunstancias socio-afectivas do alumnado.
- **Desenvolvemento lingüístico:** Ausubel nos di que debemos falar da linguaxe, nestas idades, como medio de comunicación e tamén como medio de pensamento para chegar a certos contidos, e desenvólvela axudándonos con diferentes tipos de procedementos ( xogos, representacións...)

Salientar que este ano contaremos con 54 nenos e nenas, separados en tres aulas de 18, 18 e 18 alumnos e alumnas cos seus diferentes ritmos de aprendizaxe e desenvolvemento.

Temos varios con reforzo educativo, dous nenos con TDAH e dislexia, un neno con TEA e un neno con TEL, ademais de varios pendentes de avaliación diagnóstica.

Atenderemos a estas variables ao longo da programación.

### 3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Polo tanto, e seguindo as pautas marcadas pola *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro*, esta programación desenvolverá as sete competencias básicas do seguinte xeito:

-. **Competencia en comunicación lingüística:** empregaremos a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita, de construción e comunicación do coñecemento e de regulación das emocións e da conduta. Estaría implícito en obxectivos da programación como, por exemplo:

“Ler comprensivamente un texto informativo sobre o uso dun aparello”

-. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** utilizando e relacionando os números, as súas operacións básicas, identificando diferentes símbolos ou formas xeométricas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento, tanto para ampliar o coñecemento como para resolver problemas relacionados coa realidade cotiá. Traballaremos esta competencia dende a realidade do neno, e incluíndo dentro do posible, actividades manipuladoras e de experimentación. Un exemplo de como traballamos esta competencia dentro dun obxectivo desta programación:

“Representar, cun xeito creativo, as estancias nun plano dunha vivenda”

-. **Competencia dixital:** empregaremos todos os recursos dispoñibles (aula de informática, ordenadores de aula) para tratar de que os nenos e nenas poidan desenvolver un correcto aprendizaxe no uso das novas tecnoloxías. Empregaremos calquera tipo de contido para facer presentacións en diversos formatos, manexar aplicacións interactivas , buscar información na rede, e procurar que estes recursos sexan un medio que empreguen de xeito habitual no seu estudo diario (aula virtual, páxinas web...).

- **Competencia para aprender a aprender**: favorecendo as habilidades para inter -actuar co medio e cos seus iguais, tanto nos seus aspectos naturais como os xerados pola acción humana ( interpretando o mundo e as interaccións entre culturas). Na programación fomentaremos actividades como a observación da realidade (diferentes formas das follas da árbores), pequenas investigacións (a que arbore pertencen ), e actitudes (para que é necesario conservar ás árbores, o medio). Un obxectivo que traballaría esta competencia pode ser:

“Realización de pequenos experimentos coa auga sobre os cambios de estado”

- **Competencias sociais e cívicas**: facendo comprensible a realidade social, cooperando, convivindo e exercendo a cidadanía nunha sociedade plural, así como facendo que se impliquen e comprometan na súa mellora. Sería tan básico como elaborar unhas normas de comportamento na clase, coa súa participación, e facéndolles comprender que son necesarias para que o proceso educativo sexa máis positivo. Do mesmo xeito que na sociedade existen unhas normas para a súa convivencia , este curso, máis que nunca valorar as normas establecidas no protocolo covid do centro como algo imprescindible para un desenvolvemento saudable da aprendizaxe

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**: o que supón dispor de habilidades que lle permitan aprender de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, sempre cun sentimento positivo de competencia persoal, que redunde na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por seguir facendo cousas. Con estas idades centraremos esta competencia propondo metas alcanzables a curto prazo, facendo motivadoras as tarefas de aprendizaxe, partindo de elementos próximos ó neno/a e implicándoos no proceso educativo. Un exemplo de contido que a englobe:

“Propoñer ideas e poñelas en práctica para mellorar os “espazos verdes” do cole ”

- **Competencia en expresións culturais**: aprenderán a coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e utilízalas como fonte de enriquecemento. Traballaremos, por exemplo, a través de narracións que nos posibiliten un coñecemento doutras culturas e favorezan unha actitude de respecto e comprensión para outro tipo de sociedades, ou partindo de creacións propias e libres a partires dunha palabra, unha fotografía, un debuxo. Exemplo: Hoxe imos a debuxar a solidariedade. Un exemplo de obxectivo das unidades didácticas que traballe esta competencia:

“ Coñecer as distintas formas de celebrar unha festa en diferentes países”

## 4. METODOLOXÍA.

### 4.1 Principios didácticos.

Segundo os principios redactados na *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, a nosa práctica educativa será:

- Globalizada e integradora: onde os contidos ensinados se relacionen cos das outras áreas e cos seus propios coñecementos para que os nenos e nenas poidan establecer pontes cognitivos favorecendo as aprendizaxes significativas.
- Individualizada: cómpre que sexamos quen de adaptarnos ás características de cada neno e cada nena atendendo á diversidade existente no aula.
- Activa: debemos desenvolver actividades baseadas na experimentación, na investigación e na observación para facelos partícipes do proceso e nós converternos en guías que orienten eses descubrimentos (aprender a aprender).
- Funcional: os nenos e nenas deberán atopar sentido nas aprendizaxes e para iso deben ser aplicables e útiles para desenvolverse na súa realidade cotiá.
- Afectiva : debemos crear un ambiente cálido e acolledor onde se sintan seguros e poidan traballar con interese e con eficacia desenvolvendo as relacións grupais.
- Motivadora : Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Apoiarémonos no emprego das TIC's.
- Colaboradora: implicando a tódolos elementos da comunidade educativa e tamén establecendo canles de actuación e participación coas familias dos nenos e nenas.
- Lúdica: sendo o xogo un medio en si para a aprendizaxe de contidos.

## 4.2 Estratexias de intervención educativa.

### 4.2.1. A nivel presencial

Os principios anteriores estarán concretados no traballo na aula en base a tres tipos de estratexias:

- **Didácticas expositivas:** Presentando a información de xeito sinxelo, breve e previamente organizada, e apoiándonos en todo tipo de recursos, tanto os xa preparados, como outros que poidan xurdir de xeito espontáneo (experiencias previas, contos...)
- **De busca ou indagación:** Que consistirán en guiar ós nenos e nenas para acadar distintas aprendizaxes. Pódese levar a cabo a través dunha aprendizaxe por descubrimento guiada polo mestre (dar pautas para a busca de datos no entorno) ou tamén dándolles liberdade á hora de crear ou chegar a unha conclusión.
- **De reflexión sobre o aprendido:** Buscamos que actúen dun xeito cada vez máis autónomo mediante a gradación e interiorización das actividades, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e incluíndo unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo (revisión final).

### 4.2.2. A nivel non presencial.

Practicamente seguiremos traballando como o faciamos na aula, coas estratexias anteriores, só que as plataformas que desenvolverán esas estratexias de intervención serán virtuais, sobre todo aula virtual do curso e aplicacións a través do móbil.

Tecnicamente cambiaremos a forma de presentalas e de recollelas, que será a través das aplicacións antes citadas , e o desenvolvemento dos procesos de realización, que, lóxicamente, serán de xeito individual na maior parte dos casos, e terán como espazo de traballo a propia casa do neno ou nena.

Polo demais, o tipo de actividades serán moi semellantes ás realizadas na aula. Incluiremos vídeos, esquemas e resumos explicativos, actividades corrixidas para que os nenos e familias poidan autocorrixilas, actividades interactivas, formularios,...

### 4.2.3. A nivel semi-presencial.

Traballaremos cos nenos/as que están na aula como explicamos no apartado a nivel presencial e cos nenos/as que están na casa como detallamos no apartado a nivel non presencial.

## 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Trataremos, nesta programación, de identificar as posibles deficiencias que poidan xurdir ao longo do curso mediante unha atención individualizada que nos permita observar e analizar o proceso de ensinanza aprendizaxe de cada un e tamén levar a cabo, se cómpre, as intervencións axeitadas para atallalas :

- Reforzo educativo (RE).
- Adaptación curricular (AC)

Antes de afondar neste apartado é conveniente lembrar algúns aspectos da programación referidos aos nenos e nenas que poidan precisar deste tipo de axuda, como xa introducimos anteriormente.



### 5.1. Alumnado con pequenas dificultades e ritmo lento.

A primeira meta a acadar é obter un bo clima na aula, acolledor e baseado no respecto aos outros, no que todos os nenos e nenas se expresen sen problemas. Para iso reforzaremos de seguido os pequenos logros que vaian adquirindo. Outra posibilidade de actuación sería a modificación de recursos, da organización, da metodoloxía ou das actividades, reforzando máis os contidos procedimentais e actitudinais e incidindo na adquisición das aprendizaxes máis significativas para aqueles que non sexan capaces de seguir o ritmo habitual da clase. Falaríamos, pois, de reforzo educativo (RE).

### 5.2. Alumnos de incorporación tardía procedente do estranxeiro.

Atenderemos de xeito especial aos alumnos procedentes do estranxeiro.

Seguirase cun reforzo educativo a nivel centro e un reforzo máis específico a nivel de aula, traballando con diferentes soportes (audiovisuais, gráficos...) para tratar a información e contidos, e tamén a nivel emocional, para que a súa integración no grupo sexa íntegra a finais do presente curso académico.

### 5.3. Alumnos con necesidades específicas de atención educativa.

Como recolleamos xa no apartado 2.3, onde falamos das características dos grupos e do seu alumnado temos varios nenos con reforzo educativo, dous nenos con TDAH e dislexia, un neno con TEA e un neno con TEL, ademais de varios pendentes de avaliación diagnóstica.

Coa axuda do departamento de orientación, e cos mestres especialistas correspondentes, intentaremos crear unhas rutinas de aprendizaxe onde estes nenos e nenas se integren co grupo dun xeito adecuado e, ao mesmo tempo, unhas pautas de aprendizaxe onde desenvolvan os contidos traballados na aula dunha maneira o máis efectiva posible.

## 6. RECURSOS DIDÁCTICOS

É importante resaltar que pretendemos que o material non só sexa un recurso educativo no sentido de servir de apoio á aprendizaxe, senón tamén no sentido de facilitar a adquisición de actitudes, valores e hábitos determinados.

### 6.1 Persoais:

Ademais dos alumnos/as e o persoal docente, dos que xa falamos anteriormente, poñeremos un especial énfase na participación activa das familias, colaborando ben de xeito directo, coa súa presenza, implicándoos no seguimento do proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos/as, ou ben de xeito indirecto, axudándolles aos nenos e nenas na adquisición de diversos útiles para o desenvolvemento dos contidos traballados (material de refugallo, froitos...).

Hai que ter en conta que este ano van a ser partícipes dun xeito directo na aprendizaxe dos seus fillos e fillas, co que estableceremos as canles oportunas para que a relación centro-familia sexa o máis produtiva posible.

### 6.2 Materiais:

- Impresos: libro de texto, revistas, contos, xornais, láminas, adhesivos...
- Específicos do aula: lapiseiros, cadernos, bolígrafos, estoxos, gomas..
- Audiovisuais: proxectores e pantallas.
- Informático: O ordenador. Internet. Programas e páxinas interactivas.
- De refugallo: cartóns, botellas de auga mineral baleiras, caixas...



### 6.3 Ambientais:

- Do centro: biblioteca, sala de informática, espazos diversos e aula.
- Do entorno: a propia contorna (saída na busca de árbores, froitos, follas...)

## 7. PROXECTO LECTOR

Partimos dunha proposta de actividades globalizadoras e accesibles que invitan a lectura do libro e suscitan o interese dos lectores por coñecer e gozar dos seus contidos.

O proxecto lector de terceiro curso xirará en torno a tres eixes:

- O aproveitamento do tempo marcado no proxecto lector do centro: Deixaremos liberdade na elección de libros para que ese tempo de lectura lles resulte prazenteiro. Rexistraremos dun xeito cuantitativo o número de páxinas e libros lidos durante cada trimestre para que cada neno e nena sexa consciente da súa evolución lectora.

Empregaremos a biblioteca de aula para facerlles máis doado o cambio de libros, se así o desexan. Por suposto, tamén poderán traer libros da súa casa.

- As lecturas e textos das distintas áreas curriculares: Aproveitaremos a información contida nos diferentes libros de texto e outras fontes que poidan favorecer o desenvolvemento lector do alumnado.

Antes de ler un texto interéсанos crear modelos mentais para unha mellor integración do mesmo relacionándoos cos nosos coñecementos previos. Para iso utilizaremos o título e as ilustracións. A partir destes animamos aos alumnos que expresen oralmente o que saben do tema ou conto, que fagan conxecturas acerca do que lles pode pasar aos personaxes, problemas, solucións...

Para despois da lectura ofreceremos dos tipos de actividades: Unhas máis dirixidas, para comprobar a comprensión do relato e outras de carácter máis imaxinativo nas que o neno aprende a utilizar o libro como modelo para a súa expresión creativa.

## 8. AVALIACIÓN.

### 8.1 Parámetros LOMCE

Cabe ter en conta, á hora de avaliar neste curso, estes tres parámetros que a LOMCE explica do seguinte xeito:

- Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

- Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

- Avaliación final individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Administración educativa, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan corrixir as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

## 8.2 Criterios de cualificación.

### 8.2.1. Con actividade presencial.

Nas áreas das linguas, matemáticas, ciencias sociais e ciencias naturais os criterios de cualificación serán:

#### 60% Probas escritas e orais:

- Probas escritas obxectivas realizadas ao final de cada unidade ou varias unidades.
- Preguntas orais directas sobre aspectos relacionados cos temas a desenvolver.
- Follas de avaliación, de rexistro ou formularios sobre os diferentes contidos do currículo.

#### 40% Traballo diario na aula e fóra da aula:

- Traballo diario na aula, realización dos exercicios indicados no caderno, fichas ou ordenador.
- Organización (seguindo as instrucións dadas a principio de curso), temporalización (entregar os traballos dentro dos prazos esixidos), corrección (revisión e autocorrección das actividades seguindo as instrucións do mestre) e presentación das actividades e traballos (boa caligrafía, respectar as normas do caderno, limpeza, creatividade...).
- Interese, participación e implicación no traballo de aula (formula e contesta preguntas pertinentes ao tema da clase espontaneamente, amosa atención as explicacións dos mestres e aos argumentos dos compañeiros...)
- Material. (Coidado, uso axeitado do mesmo, responsabilidade polo traslado do material da escola a casa e viceversa ...)

Realizarase a media dos distintos apartados sempre e cando o alumno/a teña como mínimo un tres de media no apartado de probas escritas e orais. Se ten menos dun tres a materia estará suspensa, a pesares de poder mellorar esa nota cos apartados antes mencionados.

Por outro lado, nas áreas de valores sociais e cívicos e de educación artística (plástica), as porcentaxes irán do seguinte xeito:

- 25% Coidado e limpeza na presentación dos traballos nas condicións esixidas.
- 25% Interese e esforzo na realización das tarefas.
- 25% Finalización das actividades no tempo establecido.
- 25% Orixinalidade e creatividade.

### 8.2.2. Con actividade non presencial.

Nas áreas das linguas, matemáticas, ciencias sociais e ciencias naturais os criterios de cualificación serán

30% Probas escritas e orais.

- Probas escritas obxectivas realizadas ao final de cada unidade ou varias unidades.
- Preguntas orais directas sobre o que se está traballando.
- Follas de avaliación e formularios ao finalizar as unidades.

60% Traballo diario.

- Realización dos exercicios indicados no caderno, fichas ou ordenador.
- Organización (seguindo as instrucións dadas a principio de curso), temporalización (entregar os traballos dentro dos prazos esixidos), corrección (revisión e autocorrección das actividades seguindo as instrucións do mestre) e presentación das actividades e traballos (boa caligrafía, respectar as normas de ortografía, limpeza, creatividade,...).

10% Interese, participación e implicación no traballo diario. (formula e contesta preguntas pertinentes aos temas traballados, amosa atención as explicacións do mestre e aos argumentos dos compañeiros durante videoconferencias,...)

Por outro lado, nas áreas de valores sociais e cívicos e de educación artística (plástica), as porcentaxes irán do seguinte xeito:

25% Coidado e limpeza na presentación dos traballos nas condicións esixidas.

25% Interese e esforzo na realización das tarefas.

25% Finalización das actividades no tempo establecido.

25% Orixinalidade e creatividade.

### 8.2.3. Con actividade semi-presencial.

A avaliación dos nenos/as que están na aula farase como explicamos no apartado a nivel presencial e cos nenos/as que están na casa como detallamos no apartado a nivel non presencial.

En caso de que un neno permaneza un curto período de tempo na casa, poderase aprazar a realización de probas orais e escritas e esperar a súa reincorporación ao centro para facer ditas probas presencialmente.

\* No caso de avaliación negativa (tanto do nivel anterior ou do nivel actual) :

- Nas linguas e matemáticas, ao ser avaliación continua, quedará recuperada cando aprobe a seguinte avaliación xa que nas probas incluiremos contidos básicos dos trimestres anteriores.
- En sociais e naturais, ao ser contidos máis específicos en cada avaliación, faremos unha media aritmética das probas feitas ao longo de todo o curso.
- En valores e plástica daremos a oportunidade de presentar de novo os traballos ou actividades avaliadas negativamente.

### 8.3 Instrumentos de avaliación.

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...
- Probas de avaliación orais e escritas.

### 8.4 Autoavaliación.

Neste apartado farase unha análise baseada na observación sistemática do proceso de ensinanza aprendizaxe desenvolvido durante todo o ano. Para iso, ao remate de cada tema, faremos unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

- As actividades:
  - Se foron ou non axeitadas para acadar os obxectivos e contidos previstos.
  - Se foron adecuadas ao nivel dos nenos e nenas e progresivas na súa dificultade.
  - Se foron enriquecedoras e variadas, enfocando os temas dun xeito motivador.
- O noso papel como mestres/as:
  - Se a preparación das actividades foi axeitada ou debía reforzar algúns aspectos.
  - Se estivemos atentos aos nenos/as cos diferentes ritmos de aprendizaxe.
  - Se os recursos elixidos foron os axeitados para desenvolver as actividades.

Por suposto tamén contaría coas opinións dos mestres especialistas, dos pais e nais e coas anotacións que fora recollendo na observación das tarefas a desenvolver ó longo das actividades realizadas.

## 9. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

### 9.1 Alumnado sen materias pendentas.

#### 9.1.1 Avaliación inicial individualizada.

Dende a aplicación desta proba ao inicio do curso estableceremos unha pautas de actuación para os nenos e nenas que poidan ter máis dificultades á hora de enfrontarse a novos contidos e detectaremos as posibles carencias na adquisición de contidos do ano anterior.

#### 9.1.2 Medidas metodolóxicas.

Proporanse tarefas globalizadas que requiran da posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

#### 9.1.3 Temporalización.

Estenderase durante todo o curso académico, segundo sexa necesario, até consecución dos obxectivos marcados na programación.

#### 9.1.4 Actividades. Algunhas das propostas son:

- Lecturas e comprensión de textos.
- Escritura de pequenos textos.
- Actividades interactivas.
- Cálculo mental.
- Resolución de problemas.
- Investigación e presentación de traballos relacionados coa saúde, as emocións, ...
- Actividades plásticas e audiovisuais.

#### 9.1.5 Avaliación. Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.

- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...
- Probas de avaliación orais e escritas.

#### 9.2 Alumnado con materias suspensas.

O plan de recuperación de alumnado con materias pendentes realízase de forma individualizada para cada neno/a, polo que por motivos de confidencialidade, non se inclúe neste documento, pero si poderá ser consultado polo persoal autorizado no expediente persoal de cada alumno/a.

### 10. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS.

O desenvolvemento curricular ( estándares, obxectivos, criterios de avaliación...) estará baseado, principalmente, nos propostos polas distintas editoriais coas que traballamos ao longo do curso, adaptándoas ás necesidades educativas de cada aula e de cada alumno/a.

Deseguido desenvolvémolas con máis detalle.

# CIENCIAS DA NATUREZA

## 3.º CURSO

# EDUCACIÓN PRIMARIA

De acordo co *DECRETO 105/2014*, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOG) o 09/09/2014.

## A ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

- **Temporalización.**
- **Bloques de contidos.**
- **Orientacións metodolóxicas,**
- **Obxectivos xerais da E.P. para a área ciencias da natureza,**
- **Obxectivos da área de ciencias da natureza para o nivel.**
- **Contidos.**
- **Criterios de avaliación.**
- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**
- **Competencias clave.**



## A ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos e a comprender o noso contorno e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria.

O currículo da área das Ciencias da Natureza pretende ser un punto de partida para acercar os alumnos e alumnas ao mundo natural que nos rodea, para que o entendan e se impliquen no seu coidado e conservación.

A través desta área, iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, extraer conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas. A actividade na aula xirará arredor da realización de actividades en que o alumnado deba participar activamente. Por outra banda, débese ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. De igual forma, dada a súa crecente importancia, débese iniciar aos alumnos e alumnas no uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, para buscar información e para tratala e presentala, así como para realizar simulacións interactivas e representar fenómenos de difícil realización experimental.

Desde o traballo na área contribuírase ao desenvolvemento das competencias, aplicándoas á planificación e execución de proxectos. A normativa actual inclúe as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía nunha competencia clave máis ampla: competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A área de Ciencias da Natureza contribúe especialmente ao desenvolvemento das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A competencia en materia científica alude á capacidade e a vontade de utilizar o conxunto dos coñecementos e a metodoloxía empregados para explicar a natureza, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas. Por competencia en materia de tecnoloxía enténdese a aplicación destes coñecementos e metodoloxía en resposta ao que se percibe como desexos ou necesidades humanos.

Tamén, a área de Ciencias da Natureza de Educación Primaria contribúe ao desenvolvemento das outras competencias. Os contidos asociados á forma de construír e transmitir o coñecemento científico constitúen unha oportunidade para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender; a utilización da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais e para expresar datos e ideas sobre a natureza e o rigor e busca da verdade que supón a utilización do método científico contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática; o manexo dun procesador de textos, a busca guiada en internet e a utilización de simulacións informáticas para mellorar a comprensión de modelos favorecen o desenvolvemento da competencia dixital; a necesidade de comunicar correctamente as observacións experimentais, a exactitude da terminoloxía científica e o aumento significativo da riqueza de vocabulario específico supoñen unha contribución desta área ao desenvolvemento da comunicación lingüística; a alfabetización científica constitúe unha dimensión fundamental de conciencia e expresións culturais, que posibilita a toma de decisións sobre moitos aspectos desde un punto de vista científico e racional; o sentido da iniciativa e espírito emprendedor maniféstase na planificación e realización de experimentos científicos; a contribución da área ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas ten relación coa liberdade de pensamento e coa sensibilidade fronte ao progreso científico e tecnolóxico.

## TEMPORALIZACIÓN

Seguindo como referencia o libro de ciencias da natureza da editorial Anaya e a súa proposta didáctica para o terceiro nivel, plantexamos a seguinte ordenación no curso escolar dos bloques de contidos por temas:

### 1º TRIMESTRE

#### ASÍ SOMOS

- Como é o noso corpo por fóra.
- A función de nutrición.
- A función de relación.
- A función de reprodución.
- As etapas da vida.

#### A NOSA SAÚDE

- A saúde e a enfermidade.
- A alimentación e a dieta.
- A hixiene e a saúde.
- Outros hábitos saudables (actividade física, mental e o descanso)  
As persoas que coidan da nosa saúde.

### 2º TRIMESTRE

#### ASÍ SON OS ANIMAIS E AS PLANTAS

- Os seres vivos.
- Os animais.
- Os animais vertebrados.
- Os animais invertebrados.
- As plantas.

#### ANIMAIS E PLANTAS NA NATUREZA

- Onde viven os animais e as plantas.
- Os ecosistemas.
- Utilizamos os recursos naturais.
- Coidar a natureza.

### MATERIA E ENERXÍA

- A materia, as súas propiedades e os seus tipos.
- Os estados da materia.
- A materia pode cambiar.
- As mesturas e os seus tipos.
- Os materiais.
- A enerxía. Transformación da enerxía.
- Uso da materia e a enerxía.

### AS MÁQUINAS

- Que é unha máquina e como funciona.
- As máquinas simples e as máquinas compostas.
- As máquinas ao longo da historia.
- As máquinas actuais.

Esta temporalización será orientativa e poderá ser modificada en función de moitas variables (interese dos nenos e nenas, acontecementos imprevistos, etc.).

### BLOQUES DE CONTIDOS

Os contidos están organizados en 5 bloques que, dada a súa interrelación, non deben ser relacionados co «saber facer» teórico e práctico, han de permitir ao alumnado iniciarse en coñecer e empregar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polos medios tecnolóxicos actuais e a comunicación dos resultados obtidos.

O Bloque 1: iniciación á actividade científica, oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

O Bloque 2: o ser humano e a saúde, integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

O Bloque 3: os seres vivos, oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.

O Bloque 4: materia e enerxía, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.

O bloque 5: a tecnoloxía, aparellos e máquinas, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A acción docente na área de Ciencias da Natureza terá en especial consideración as seguintes recomendacións:

- Iniciar os alumnos no uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, para buscar información e para tratala e presentala, así como para realizar simulacións interactivas e representar fenómenos de difícil realización experimental.
- Promover a curiosidade, o interese e o respecto cara a si mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias experimentais e o seu carácter social, e a adopción dunha actitude de colaboración no traballo en grupo.
- Fomentar a participación eficaz e constante do alumno, de modo que aprendan a medida que van facendo, sendo especialmente importante a observación dos seres e procesos naturais “invivo”, e a experimentación mediante a realización de diversas e sinxelas experiencias.
- Incluír prácticas orais, como exposicións ou debates previamente preparados, na actividade cotiá da aula sobre os contidos que o mestre seleccione (proles e contras da reciclaxe dos envases, as enerxías renovables, a contaminación, as especies en extinción, etc.).
- Observar, identificar e analizar problemas utilizando a recollida, organización e tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións, e a utilización de fontes de información, incluíndo na medida do posible as proporcionadas por medios tecnolóxicos e a comunicación dos resultados obtidos.
- Realizar tarefas manipulativas en que, mediante o uso de técnicas plásticas, se poidan consolidar as aprendizaxes propias da área (modelaxe con arxila, plastilina, etc.).
- Posibilitar a existencia dun “recuncho de ciencias” onde poidan recollese os traballos realizados, os murais explicativos dos experimentos do curso, os materiais propios da área (microscopio, guantes, etc.).

## **OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA PARA A ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA**

A área de ciencias da natureza contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega-

## **OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA PARA O NIVEL**

- 1 Valorar o patrimonio natural para desenvolver pautas de respecto á natureza.**
- 2 Realizar unha lectura comprensiva, expresiva e crítica de diferentes tipos de textos relacionados cos contidos da área.**
- 3 Expresar, de forma oral e escrita, clara e ordenadamente o contido de textos escritos de carácter científico significativos para a área empregando de forma adecuada o vocabulario específico.**
- 4 Asimilar a importancia do deporte para o benestar persoal e social desenvolvendo hábitos de saúde relacionados coa nutrición, cos órganos dos sentidos, coa hixiene e co coidado do corpo.**
- 5 Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano e mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.**
- 6 Utilizar criterios de clasificación orientados e relacionados con pautas alimentarias, reprodutivas e morfolóxicas e criterios propios para caracterizar animais da zona.**
- 7 Identificar as necesidades fundamentais dos seres vivos a partir do coñecemento das funcións vitais.**
- 8 Clasificar os animais segundo sexan vertebrados ou invertebrados.**
- 9 Identificar e describir as características xerais dos animais vertebrados e as características específicas dos grupos de peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos.**
- 10 Identificar e describir as características xerais dos animais invertebrados e as características específicas dos principais grupos de invertebrados.**
- 11 Coñecer as distintas relacións que os seres humanos establecemos cos animais, como fontes de alimentos e produtos, como axuda no traballo, como compañía, etc., e desenvolver hábitos de respecto e coidado cara a eles.**
- 12 Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións que desempeña cada unha delas, e clasificar os tipos de plantas segundo os seus talos.**
- 13 Valorar a importancia das plantas como produtoras de alimentos e como reguladoras dos gases do aire, e desenvolver pautas de respecto cara ás plantas.**
- 14 Utilizar diferentes fontes de información para a construción de contidos relacionados coa área.**
- 15 Identificar as propiedades dos materiais dos que están feitos algúns obxectos valorando o papel dos avances tecnolóxicos e inventos na mellora das condicións de vida da nosa sociedade.**

- 16 Construír algún aparato sinxelo para coñecer as características e as funcións dalgúns máquinas, recoñecendo a súa importancia nos avances da nosa sociedade.
- 17 Identificar os materiais que se poden reciclar aplicando as diferentes regras que existen para a reciclaxe.
- 18 Identificar accións que contaminan a auga e o aire, e que prexudican as plantas e os animais, comprendendo a importancia do coidado da natureza, e coñecendo e valorando os espazos protexidos do seu ámbito.
- 19 Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, aprender e compartir coñecementos, e valorar a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- 20 Mostrar unha actitude participativa e responsable en actividades de grupo.
- 21 Analizar e valorar criticamente algunhas manifestacións da intervención humana no medio, e adoptar un comportamento de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio natural.
- 22 Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural mediante códigos numéricos, gráficos, cartográficos e outros.
- 23 Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos cunha finalidade previamente establecida, utilizando o coñecemento das propiedades dalgúns materiais, substancias e obxectos.
- 24 Orientar a toma de decisións na súa actividade cotiá integrando a información recollida a través de distintas fontes, explorando posibles solucións e valorando o seu propio proceso de aprendizaxe.



## CONTIDOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE

A continuación, situaremos os elementos curriculares nunha táboa para poder establecer unha relación visual entre eles.

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados.</li> <li>▪ B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</li> <li>▪ B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Iniciación á actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. O traballo cooperativo.</li> <li>▪ B1.6. Técnicas de estudo e traballo.</li> <li>▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</b>				

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.</li> <li>▪ B2.2. As funcións vitais.</li> <li>▪ Importancia dos sentidos en relación co medio.</li> <li>▪ B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ k</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Saúde e enfermidade.</li> <li>▪ B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.</li> <li>▪ B2.6 Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...</li> <li>▪ B2.7. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos.</li> <li>▪ B2.8. A relación cos demais. Toma de decisións.</li> <li>▪ B2.9 A igualdade entre homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.</li> <li>▪ B2.11. Pirámide alimentaria.</li> <li>▪ B2.12. Análise de dietas equilibradas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> <li>▪ i</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.</li> <li>▪ B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos.</li> <li>▪ B3.3. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.</li> <li>▪ B3.4. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.</li> <li>▪ B3.5. Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgúns especies existentes en Galicia.</li> <li>▪ B3.6. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.</li> <li>▪ B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o				
<b>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</b>				
a b c g h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Fontes de enerxía. A enerxía e os cambios.</li> <li>▪ B4.2. Intervención da enerxía na vida cotiá.</li> <li>▪ B4.3. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.</li> <li>▪ B4.4. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.</li> <li>▪ B4.5. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
b e g h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Cambios de estado da auga.</li> <li>▪ B4.7. O ciclo da auga.</li> <li>▪ B4.8. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.2. Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
b g h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.3.2. Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espremedor, reloxo, pinzas, triturador...).</li> <li>▪ B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

# CIENCIAS SOCIAIS

## 3.º CURSO

### EDUCACIÓN PRIMARIA

*De acordo co*DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOG) o 09/09/2014

## A ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

- Temporalización.
- Bloques de contidos.
- Orientacións metodolóxicas,
- Obxectivos xerais da E.P. para a área ciencias sociais,
- Obxectivos da área de ciencias sociais para o nivel.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- Competencias clave.



## A ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir e a convivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva, a multiculturalidade e a riqueza das diferenzas entre individuos e grupos.

O currículo básico da área de Ciencias Sociais de Educación Primaria contén os elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe desta área, que terá un carácter global e integrador.

A área fomenta o desenvolvemento de hábitos de traballo individual e de equipo, ademais do esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor. Resulta así mesmo imprescindible para o alumnado adquirir e empregar con precisión e rigor o vocabulario específico da área, e seleccionar información, cos métodos e as técnicas propios da Xeografía e da Historia, para explicar as causas e consecuencias dos problemas e para comprender o pasado histórico e o espazo xeográfico.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación deben utilizarse como recursos para a aprendizaxe das materias curriculares, para obter información e como instrumento para aprender, coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias Sociais.

Ensinar e aprender Ciencias Sociais é mostrar pleno respecto polos dereitos humanos, incluída a igualdade como base da democracia e valorar as diferenzas existentes entre os sistemas de valores das distintas crenzas e etnias. Esta actitude tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto polos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, como o respecto polos principios democráticos.

A finalidade última da área é conseguir a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Contémplase tamén como fin, a cuxa consecución se orienta o sistema educativo español, a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## **TEMPORALIZACIÓN**

Seguindo como referencia o libro de ciencias sociais da editorial SM e a súa proposta didáctica para o terceiro nivel, plantexamos a seguinte ordenación no curso escolar dos bloques de contidos por temas:

### **1º TRIMESTRE**

#### **UN LUGAR NO UNIVERSO**

Un paseo polo sistema solar  
Estamos xirando!  
A gran viaxe da Terra.  
A Lúa.  
Formamos parte do universo.

#### **A TERRA UN PLANETA DIFERENTE**

Entre a Terra e o universo.  
O planeta azul.  
As grande esfera de rochas  
Como se representa a Terra?  
Orientámonos polo planeta.

### **2º TRIMESTRE**

#### **AS PAISAXES CAMBIAN**

Que son as paisaxes?  
Como é o relevo nas paisaxes?  
Como é o relevo español?  
Por que cambia a paisaxe?  
Parques para protexer!

#### **XUNTOS VIVIMOS MELLOR**

A miña familia e o meu colexio.  
A miña localidade.  
O meu barrio e o meu concello.  
O traballo dos meus veciños  
As persoas que dan servizos.

## 3º TRIMESTRE

### O TEMPO PASA

Pasado, presente e futuro.  
O tempo mídese.  
As idades da Historia.  
Como se estuda o pasado?

### ASÍ É A NOSA HISTORIA

Como se vivía na Prehistoria?  
Como eran as primeiras cidades?  
Dos castelos ao océano.  
Un mundo conectado.  
Como cambia unha localidade?

Esta temporalización será orientativa e poderá ser modificada en función de moitas variables (interese dos nenos e nenas, acontecementos sociais imprevistos, etc.).

## BLOQUES DE CONTIDOS

Na área de Ciencias Sociais, os contidos organizáronse en catro bloques:

Nun primeiro lugar, no bloque 1, se establecen os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade.

O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais.

No bloque 2, O mundo no que vivimos, realízase o estudo da xeografía, tanto da con- torna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español. O bloque inclúe contidos que abranguen desde o Universo, a representación da Terra e a orientación no espazo, a auga e o consumo responsable, o clima e o cambio climático, a paisaxe e os seus principais elementos (relevo, clima, hidrografía...) e a inter- vención humana no medio e as súas consecuencias ambientais.

A través dos contidos do bloque 3, Vivir en sociedade, será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade empren- dedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.

No bloque 4, As pegadas do tempo, traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais, árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas his- tóricas da humanidade para adquirir unha idea da idade da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e seus finais, sendo preciso coñecer as condicións históricas, eventos e persoas relevantes en diferentes períodos de tempo. É importante para o alum- nado adquirir as referencias históricas que lles permitan elaborar unha interpretación per- soal do mundo, a través duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso. Neste bloque utilizaranse diversas fontes textuais e gráficas como mapas e calquera outra representación adecuada para a identificación e a análise de procesos históricos.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A acción docente na área de Ciencias Sociais terá en especial consideración as seguintes recomendacións:

- Partir do vocabulario e dos coñecementos previos do alumno, buscando como obxectivo a adquisición e uso de vocabulario propio das ciencias sociais.
- Relacionar as actividades de aprendizaxe coa vida do alumnado e aproveitando os recursos do contorno.
- Utilizar sistematicamente recursos que faciliten a visualización dos feitos xeográficos, históricos e elementos da paisaxe (representacións cartográficas, mapas, atlas, fotografías e imaxes sintéticas, etc.).
- Fomentar o esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Usar sistemas de localización xeográfica que permitan localizar feitos xeográficos e elementos do relevo (Cartomur, Google Earth, etc.).
- Incorporar recursos audiovisuais de maneira habitual para visualizar determinados contidos da área (feitos históricos, características de ecosistemas, etc.).
- Realizar tarefas manipulativas nas que, mediante o uso de técnicas plásticas, se poidan consolidar as aprendizaxes propias da área (modelado con arxila e outros materiais).
- Realizar traballos e presentacións a nivel individual, así como en equipo, que supoñan a elaboración dun produto significativo a raíz da busca, selección e organización de información de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa.
- Incluír exposicións ou debates previamente preparados sobre contidos propios da área, na actividade cotiá da aula, na que usen vocabulario específico da mesma con precisión.
- Crear un recuncho de comprensión lectora con recursos variados que poidan ser de interese para o alumnado (cómicos históricos, atlas e revistas divulgativas, etc.) que poidan ser usados polos alumnos que finalizasen as tarefas asignadas a modo de actividade de ocio.

## **OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA PARA A ÁREA DE CIENCIA SOCIAIS**

A área de ciencias sociais contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **OBXECTIVOS ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS PARA O NIVEL.**

- 1 Desenvolver o interese pola busca de información utilizando tanto a lectura como as TIC.
- 2 Resolver de forma cooperativa experiencias sinxelas guiadas por preguntas que debe de responder utilizando a observación, instrumentos habituais e rexistros claros.
- 3 Coñecer os principais astros do sistema solar.
- 4 Coñecer as características básicas da Terra e os seus movementos.
- 5 Identificar as capas da Terra e nomear algunhas das súas características.

- 6 Identificar os movementos da Lúa e as súas fases. Coñecer as súas características.
- 7 Iniciarse en hábitos de orientación e nocións espaciais. Nomear e identificar os puntos cardinais.
- 8 Coñecer as características dun plano e un mapa.
- 9 Coñecer os diferentes gases que compoñen o aire. Nomear algunhas das súas características.
- 10 Coñecer e identificar diferentes fenómenos atmosféricos e as súas causas.
11. Coñecer os diferentes estados da auga na natureza.
12. Coñecer os cursos de auga, identificando tipos de augas (subterráneas e superficiais).
13. Coñecer tipos de paisaxe, identificar os seus elementos e nomear as súas características.
14. Tomar conciencia do ámbito familiar do que forma parte e coñecer os valores que fundamentan a vida en familia.
15. Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais e culturais determinados (barrio, localidade, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.).
16. Coñecer as manifestacións culturais populares do contorno máis próximo.
17. Situar e representar espacialmente os elementos máis significativos do ámbito local e autonómico.
18. Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.
19. Identificar o impacto dalgunhas actividades humanas no medio natural e social, distinguindo nelas o positivo do negativo. Recoñecer e describir algunhas das actuacións máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc..) e expresar a súa opinión sobre os aspectos positivos e negativos destas intervencións.
20. Coñecer as normas básicas como peóns e usuarios de transporte.
21. Identificar as características dos produtos naturais e os produtos elaborados.
22. Identificar as actividades dos diferentes sectores produtivos.
23. Situar unidades temporais básicas (pasado, presente e futuro) nos acontecementos da historia propia.
24. Coñecer as unidades do tempo histórico (anos, décadas, século, milenio, idade).
25. Coñecer o concepto de historia.
26. Coñecer algúns acontecementos e restos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia

## CONTIDOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE

A continuación, situaremos os elementos curriculares nunha táboa para poder establecer unha relación visual entre eles.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1.Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias sociais.</li> <li>▪ B1.2.Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</li> <li>▪ B1.3.Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.</li> <li>▪ B1.4.Iniciativa emprendedora. Planificación, xestión e presentación dos proxectos co fin de acadar obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coitado do material.</li> <li>▪ B1.6. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Utilización da terminoloxía propia da área e do uso de textos de carácter social, xeográfico e histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Sistema solar: o Sol e os planetas. Deseño de maquetas, presentacións ou animacións empregando ás TIC como estratexia de reforzo da aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características.</li> <li>▪ B2.3. Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.</li> <li>▪ CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.</li> <li>▪ CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3.As capas da Terra: características básicas. Formación dun volcán. Simulación da erupción dun volcán. Medidas para a prevención de danos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Cartografía. Planos e mapas. O planisferio. Escalas sinxelas. Signos convencionais básicos. Orientación no espazo. Identificación sobre planos e mapas das diferentes rutas de acceso á escola, biblioteca,.. así como dalgúns elementos representativos da localidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Coñecemento e uso de diferentes técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo. Puntos cardinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.6.1. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Tempo atmosférico. Instrumentos de medición de variables meteorolóxicas. Construción dunha estación meteorolóxica sinxela. As TIC para a recollida de datos e comparación da información obtida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Mapas do tempo atmosférico de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. O clima. Grandes zonas climáticas mundiais. Comparación do clima do contorno co de outras zonas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. O ciclo da auga: fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12.Paisaxe: definición, elementos básicos que caracterizan as paisaxes de Galicia. Características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.13.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13.A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento sostible e consumo responsable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.15.1.Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.15.2.Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1.A organización social, política e territorial da localidades e comarca (fun-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da con-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>ción e organización). Elaboración dun mapa conceptual de toda a organización.</p>	<p>torna próxima a través da interpretación dun mapa mental.</p>	<p>próxima.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2.Manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.2.1.Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3.Realización dun estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo que simule a poboación dun municipio manexando os conceptos básicos da demografía e representando e interpretando os datos en gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3.Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.3.1.Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4.As actividades económicas e produtivas da localidade. Clasificación por sectores. Recursos naturais, materias primas e produtos elaborados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4.Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.4.1.Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5.Educación Viaria. Adquisición de coñecementos básicos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5.Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.5.1.Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Ga-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1.Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	licia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo.	feitos históricos relevantes de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.1.2.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2.A Prehistoria. A cultura castrexa en Galicia.</li> <li>B4.3.A escritura como fonte histórica.</li> <li>B4.4.A Idade Antiga en Galicia. A romanización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2.Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.2.1.Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.2.2.Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.2.3.Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5.Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual. Os petróglifos e a arquitectura megalítica, castrexa e medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3.Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.3.1.Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6.O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.</li> <li>▪ B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.</li> <li>▪ B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos.</li> <li>▪ B5.6. Efectos da electricidade.</li> <li>▪ B5.7. Condutores e illantes.</li> <li>▪ B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.</li> <li>▪ B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>



# LINGUA CASTELÁ

## 3.º CURSO

### EDUCACIÓN PRIMARIA

*De acordo co*DECRETO 105/2014*, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOG) o 09/09/14*

## A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

- **Temporalización.**
- **Bloques de contidos.**
- **Orientacións metodolóxicas.**
- **Obxectivos xerais da E.P.para a área de lingua e literatura castelá.**
- **Obxectivos da área de lingua e literatura castelá para o nivel.**
- **Contidos.**
- **Criterios de avaliación.**
- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**
- **Competencias clave.**

.

## A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

O ensino da área de Lingua castelá e literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar o alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da Literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a Literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

## TEMPORALIZACIÓN

### PRIMEIRO TRIMESTRE

- UNIDADE 1: lectura de textos narrativos, o punto e a maiúscula, letras, sílabas e palabras, o abecedario.
- UNIDADE 2: lectura dun texto narrativo, anécdotas e chistes, a oración, os sinónimos, os signos de interrogación e exclamación.
- UNIDADE 3: lectura dun texto narrativo, os antónimos, a descrición, clases de oracións, sílaba tónica, o guión.
- UNIDADE 4: lectura dun texto con instrucións, campo semántico, as instrucións, palabras polisémicas, o suxeito e o predicado, a coma, m antes de p e b, a fábula.

### SEGUNDO TRIMESTRE

- UNIDADE 5: as infografías palabras compostas, a exposición, o nome e as súas clases, o c, qu e z, os contos tradicionais.
- UNIDADE 6: lectura dun texto teatral, o xénero e o número, palabras rematadas en -d e -z, o teatro.
- UNIDADE 7: lectura dun texto escrito en verso, os sufixos, o adxectivo, palabras con ll e con y, poemas, versos e rimas.
- UNIDADE 8: lectura dun texto divulgativo, os prefixos, linguaxe verbal e non verbal, o pronome, o r, os dous puntos.

## TERCEIRO TRIMESTRE

- UNIDADE 9 : lectura dun cómic, onomatopeias, frases feitas e refráns, os determinantes artísticos e demostrativos, palabras con g e j.
- UNIDADE 10 : lectura dun texto divulgativo, diminutivos e aumentativos, os medios de comunicación, os determinantes posesivos e numerais, palabras con br e bl, palabras con h, as lendas.
- UNIDADE 11: o cartel, palabras polisémicas, o verbo, verbos con h e verbos rematados en -bir, os mitos.
- UNIDADE 12: lectura dun texto informativo, familia de palabras, os tempos verbais, verbos rematados en -ger, -gir e en -aba, -abas..., o diario.

### BLOQUES DE CONTIDOS

En consecuencia co anterior, o currículo da área de Lingua castelá e literatura organízase en bloques que responden á educación literaria, ás actividades lingüísticas ou destrezas esenciais para a comunicación oral e escrita, e ao coñecemento metalingüístico.

O bloque 1 Comunicación oral: escoitar e falar establece as habilidades necesarias para que os nenos e nenas comuniquen con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso, cada vez máis elaborado segundo se avanza na etapa, ás distintas situacións de comunicación. Ademais, aborda aspectos esenciais da interacción social como a escoita atenta e o respecto das ideas dos e das demais.

Está pois centrado na xestión das relacións sociais a través do diálogo e na planificación e exposición dos discursos orais.

Este bloque inclúe, ademais, os elementos non verbais como parte integrante do proceso comunicativo, xa que en moitas ocasións actúan como reguladores do proceso de comunicación, contribuíndo a ampliar, modificar ou reducir o significado da mensaxe.

Os bloques 2 e 3 Comunicación escrita: ler e escribir deben fomentar o achegamento, en contextos persoais, académicos e sociais á comprensión e produción de textos de diferente tipoloxía, atendendo tanto a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) como a intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)

Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse en todas as esferas da vida e en calquera finalidade de lectura: ler para obter información, ler para aprender ou ler por pracer.

Pola súa parte, o bloque sobre a escritura pretende a aprendizaxe desta como un procedemento estruturado en tres fases: planificación do escrito, redacción, e revisión de borradores antes de producir o texto definitivo. Así, a ensinanza da escrita non se debe centrar no produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón en todo ao proceso de escritura. Do mesmo modo, a avaliación está ligada a todo o desenvolvemento do texto escrito, no que, ademais, a revisión en grupo como práctica habitual contribuirá a favorecer a aprendizaxe autónoma.

O bloque 4 Coñecemento da lingua responde á necesidade de suscitar a aprendizaxe

progresiva metalingüística para apropiarse do léxico e das regras gramaticais e ortográficas imprescindibles para o uso adecuado da lingua, é dicir, falar, ler e escribir correctamente. Debe ser unha aprendizaxe fundamentalmente funcional e significativa, integrada no proceso de lectura e escritura.

O bloque 5 Educación Literaria pretende implicar aos alumnos e alumnas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntao a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento do mesmo. Os nenos e nenas deben ir adquirindo, coa guía do persoal docente, os recursos persoais propios dunha persoa lectora activa. Do mesmo xeito, foméntase a produción de textos persoais con intención literaria a través de proposta de tarefas lúdicas e creativas.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O currículo deste século non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías.

A organización do currículo en bloques e a secuencia destes non indican xerarquía nas aprendizaxes dentro do aula, ben ao contrario, estas deben ser abordadas desde enfoques comunicativos e, na medida do posible, globalizadores e interdisciplinares, que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos, desterrando das aulas prácticas rutineiras centradas na análise e descrición de unidades lingüísticas descontextualizadas. Para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado.

En canto á avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas como, por exemplo,

o portfolio, as rúbricas, mapas conceptuais, debates, solución de problemas contextualizados, ademais das probas específicas.

A implicación das familias non proceso de ensino-aprendizaxe é un factor a potenciar, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dáse tanto desde os ámbitos formais coma nos informais e non formais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan certos contidos similares, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben ser abordados de maneira parella, ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas. Así pois, o profesorado implicado no proceso de ensinoaprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

En consonancia co anterior, é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ademais, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Pois, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is)

**OBXECTIVOS XERAIS DA E.P. PARA A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ.**

A área de lingua castelá contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- g o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ PARA O 3º NIVEL.

1. Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
3. Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
4. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
5. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
6. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.
7. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
8. escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
9. Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
10. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.
11. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
12. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-

escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...), de acordo coas características propias destes textos.

13. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
14. Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
15. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...) de acordo coas características propias destes textos.
16. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
17. Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.
18. Coñecer os diferentes usos sociais, analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.
19. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.
20. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
21. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
22. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.



**CONTIDOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE.**

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Diálogos</li> <li>- Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu con-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ texto de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.</li> <li>▪ B1.7. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ e	▪ B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, segundo a súa tipoloxía e valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	▪ LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.2.3. Elabora glosarios coas novas palabras.	▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ e	▪ B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.	▪ B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	▪ LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.3. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.5. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.	▪ CCL ▪ CAA
▪ e	▪ B2.4. Gusto pola lectura. ▪ B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. ▪ B2.6. Lectura dos libros establecidos no	▪ B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	▪ LCB2.4.1. Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria.	▪ CCL
			▪ LCB2.4.2. Selecciona textos do seu interese en fun-	▪ CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Plan lector.		<p>ción dos seus gustos e preferencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Identificación da finalidade das mensaxes transmitidos polo texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Identifica a estrutura de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.7.2. Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Produción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica.</li> <li>▪ B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.</li> </ul>	<p>presentación.</p>	<p>informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...). Textualización en frases elementais con secuencia lineal.</li> <li>▪ B3.6. Revisión e mellora do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.3.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos.</li> <li>▪ B4.8. Uso das TIC no desenvolvemento e asimilación de contidos relacionados coa xeometría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.</li> <li>▪ B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.</li> <li>▪ B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.</li> <li>▪ B4.12. As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.13. Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>de enquisas, observación e medición.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.</li> <li>▪ B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos.</li> <li>▪ B5.4. Realización de gráficos sinxelas: pictogramas, diagramas de barras.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.1.3. Interpreta gráficos de táboas extraendo a información explícita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

# **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

**3.º CURSO**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

*De acordo co*DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOG) o 09/09/2014

## A ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- **Temporalización.**
- **Bloques de contidos..**
- **Orientacións metodolóxicas.**
- **Obxectivos xerais da E.P. para a área de Valores Sociais e Cívicos.**
- **Obxectivos da área de Valores Sociais e Cívicos para o 3º nivel.**
- **Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e perfil competencial.**

## ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquecéanse as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquiera as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estímulanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, favorécese a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## TEMPORALIZACIÓN

### 1º TRIMESTRE

- Elaboración de normas.
- As emocións. O autocontrol.
- O autoconcepto.
- Iniciativa persoal.
- Autonomía persoal e autoestima.
- A responsabilidade.
- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos do mundo.
- Dereitos e deberes individuais e de grupo.
- O respecto, tolerancia e a valoración do outro.

### 2º TRIMESTRE

- Características persoais e identidade.
- Habilidades comunicativas.
- O diálogo.
- Argumentación de ideas e opinións.
- Estratexias da linguaxe oral.
- A comunicación expresiva.
- Respeto ás opinións alleas. A escoita.
- A empatía. O altruísmo.
- Identificación, comprensión e valoración da diferenza.

### 3º TRIMESTRE

- O traballo en equipo.
- A amizade.
- As normas de convivencia.
- A aserción. O diálogo.
- Resolución de conflitos.
- O respecto e conservación do medio ambiente.
- O uso responsable dos recursos naturais.
- A cooperación

## **Bloque 1: a identidade e a dignidade da persoa.**

O autoconcepto. As percepcións, ideas e opinións dun mesmo. A asociación das emocións a experiencias persoais. As manifestacións das emocións. A autoaceptación. A confianza nun mesmo.

O autocontrol. A autorregulación emocional. A regulación de impulsos.

A responsabilidade. A asunción dos propios actos e das súas consecuencias. O esforzo e a autorresponsabilidade.

A iniciativa. As metas persoais. A iniciativa creativa. As habilidades de organización para a realización das tarefas cotiás. A resolución de problemas de forma independente.

## **Bloque 2: a comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.**

As habilidades de comunicación. O uso dos elementos de paralinguaxe: fluidez, ritmo e entoación. A formulación clara de preguntas e respostas adecuadas e coherentes.

O diálogo. A admisión das opinións dos demais. A escoita comprensiva antes da resposta.

A empatía. A identificación entre persoas como medio de compartir propósitos e desexos. A aproximación de intereses. As habilidades da escoita activa: clarificación, parafraseo e resumo.

A tolerancia. O recoñecemento da dignidade de todo ser humano. A aceptación e boa acollida da diferenza. A exposición respectuosa dos propios argumentos.

Os dereitos e deberes das persoas. A universalidade dos dereitos humanos. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica. A igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.

As habilidades de comunicación. O uso dos elementos de paralinguaxe: fluidez, ritmo e entoación. A formulación clara de preguntas e respostas adecuadas e coherentes.

O diálogo. A admisión das opinións dos demais. A escoita comprensiva antes da resposta. O diálogo ordenado.

A empatía. A identificación entre persoas como medio de compartir propósitos e desexos. A aproximación de intereses. As habilidades da escoita activa: clarificación, parafraseo e resumo.

A tolerancia. O recoñecemento da dignidade de todo ser humano. A aceptación e boa acollida da diferenza. A exposición respectuosa dos propios argumentos.

Os dereitos e deberes das persoas. A universalidade dos dereitos humanos. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica. A igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.

## **Bloque 3: a convivencia e os valores sociais.**

As normas de convivencia. O concepto e a valoración das normas de convivencia.

A cooperación. O benestar e a mellora do clima do grupo. As tácticas de interacción positiva. As estratexias de axuda a outros. A necesidade da cooperación. As actitudes cooperativas. A toma de conciencia do tipo de emocións que xorden na relación de amizade.

A resolución do conflito. A defensa respectuosa das propias ideas, opinións e dereitos. A diversidade de estratexias de resolución dun conflito.

Os valores sociais e a democracia. Os dereitos e deberes na Constitución. A elaboración reflexiva de xuízos morais. A participación no benestar do ámbito.

O respecto e a conservación do medio. A valoración do uso responsable das fontes de enerxía no planeta.

A educación vial. A prevención de accidentes de tráfico.

**ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuíra a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado –xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial– para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento para o alumnado que adquire un maior grao de protagonismo.



**En concreto, na área de Valores Sociais e Cívicos:**

**Os estudantes han de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberán formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.**

**Debemos ter en conta que cada alumnado parte dunhas fortalezas individuais, que axudarán a construír a súa identidade individual para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.**

**Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples, como posibilidade de que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesita para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.**

**Nesta área, os estudantes iníciáanse no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, a toma de decisións desde xuízos morais e a resolución de problemas, polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar as diferentes habilidades. Estas desenvolverán a capacidade de crear espazos de convivencia pacífica e democrática cuns valores socialmente recoñecidos.**

**Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.**

## **OBXECTIVOS XERAIS DA E.P. PARA A ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.**

**A área de valores sociais e cívicos contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:**

**a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.**

**b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.**

**c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.**

**d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.**

**e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.**

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

## **OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS PARA O 3º NIVEL**

1. Elaborar unha imaxe realista de un mesmo atendendo ás características físicas e a personalidade.

2. Realizar tarefas que permitan a autoconciencia emocional, a expresión das emocións e o respecto polas motivacións e intereses persoais.

3. Tomar conciencia dos propios sentimentos negativos para canalizar as emocións, superar os problemas e desenvolver un maior autocontrol.

4. Proceder de forma reflexiva antes de actuar sopesando os pros e os contras das súas accións e asumindo as consecuencias dos propios actos.

5. Xerar situacións que promovan a responsabilidade, a iniciativa persoal e accións creativas que posibiliten a consecución dos obxectivos propostos.

6. Valorar os dereitos dos nenos referidos á axuda e á protección de estes explicando conductas que aseguren o cumprimento destes dereitos e destacando a igualdade de dereitos dos nenos en situacións reais do contexto social.

7. Participar en diversos actos comunicativos que permitan expresar abertamente ideas, sentimentos, intereses e / ou necesidades, tendo en conta as persoas que o rodean sen renunciar aos seus propios dereitos.

8. Coñeza elementos da linguaxe, como a dicción, ton e actitude corporal, eo seu papel na comunicación e aprecie a relación entre comunicación verbal e non-verbal durante calquera acto de comunicación.

9. Participar en discusións que explican e entenden ideas e opinións persoais, escoitando activamente antes de responder a outras persoas.

10. Realizar as dinámicas de roles que ofrecen a oportunidade de empatizar coas actitudes, sentimentos e reaccións dos demais, enfrentando diferentes respostas emocionais.
11. Valorar e respectar as diferenzas individuais que intentan comprender e tolerar diferentes formas de actuar na mesma situación.
12. Coñecer a importancia das relacións entre os compañeiros, a aprendizaxe que xeran e os lazos de afecto que se establecen.
13. Participar en actividades que mostren sensibilidade aos estados de ánimo e intereses dos demais.
14. Traballar nun equipo utilizando estratexias de diálogo e medida para resolver conflitos, coñecer xente e favorecer a interdependencia positiva do grupo.
15. Resolver os conflitos que ocorren na vida cotiá, expresando as nosas demandas de forma pacífica e asertiva.
16. Identificar e respectar as regras que rexen a convivencia no ámbito escolar e local.
17. Comprender e apreciar a solidariedade social como medio de axudar e mellorar o benestar familiar e escolar.
18. Planificar actividades que promovan o uso axeitado dos bens naturais e a conservación do medio.
19. Analizar situacións e regras básicas de mobilidade vial para mostrar as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E PERFIL COMPETENCIAL.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.</li> <li>▪ B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. O autoconcepción. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.</li> <li>▪ B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.3.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades duran-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			te a colaboración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.5.1. Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.6.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Proponerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			consonancia cos sentimentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ m</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.3.1. Comunicase empregando expresións para mellorar a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Empregar a aserción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.4.1. Expressa abertamente as propias ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ m	▪ B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	▪ B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	▪ VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
▪ c ▪ m	▪ B2.6.A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	▪ B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	▪ VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.  ▪ VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	▪ CSC  ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a	▪ B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.	▪ B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	▪ VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.  ▪ VSCB2.7.2. Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.	▪ CSC  ▪ CSC
▪ c ▪ m	▪ B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	▪ B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	▪ VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.  ▪ VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	▪ CSC ▪ CSIEE  ▪ CSC ▪ CSIEE
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>				
▪ b ▪ m	▪ B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	▪ B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	▪ VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.  ▪ VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	▪ CSC ▪ CSIEE  ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</li> <li>B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.1 Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>c</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñe-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	transformación do conflito en oportunidade.	cendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.</li> <li>▪ VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e responsabilidade de homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.</li> <li>▪ VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> <li>▪ B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.</li> <li>▪ VSCB3.7.2. Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico</li> <li>▪ VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>

# ÁREA DE PLÁSTICA

## 3.º CURSO

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## ÁREA DE PLÁSTICA

- **Temporalización.**
- **Bloques de contidos..**
- **Orientacións metodolóxicas.**
- **Obxectivos xerais da E.P. para a área de Educación Artística (Educación Plástica).**
- **Obxectivos da área de Educación Artística (Educación Plástica) para o 3º nivel.**
- **Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e perfil competencial.**

## ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

Faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

## TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso aproveitaremos as distintas celebracións para organizar as tarefas deste área, tamén os contidos curriculares doutras áreas, así como os intereses dos propios nenos.

Procuraremos traballar con distintos materiais (ceras duras, brandas, rotuladores, pinturas, plastilina, barro, material de refugallo...) e técnicas (recorte, sombreado, colaxe, picado, encartado, imaxes tridimensionais...) ao longo de cada trimestre.

### 1º TRIMESTRE

- Identificación e representación do esquema corporal.
- Composición dun tapiz otoñal.
- O bodegón. Froitas otoñais.
- Identificación e experimentación das cores cálidas e frías.
- As mesturas de cores. Saturación e tonos de cores.
- O contraste das cores frías e cálidas.
- Recreación de personaxes ou paisaxes do medio con liñas.
- Investigar sobre un autor e a súa obra.
- Copiar e pegar imaxes nos procesadores de texto.

### 2º TRIMESTRE

- Utilización de varias técnicas pictóricas para realizar traballos creativos e orixinais.
- Diferenciación das texturas naturais e artificiais e os seus usos.
- Manipulación de materiais para creacións tridimensionais.
- Recursos expresivos dos materiais reciclados e da témpera.
- Buscar información relacionada coas artes plásticas en libros, Internet ou medios de comunicación.
- Descrición das obras plásticas propias e doutras persoas: cor, técnica e tema.
- Investigar sobre un autor e a súa obra.

### 3º TRIMESTRE

- Liña recta horizontal e vertical nas composicións.
- Trazado de rectas paralelas con escadra e cartabón.
- Trazado de circunferencia e divisións do círculo.
- Facer composicións con diferentes formas poligonais.
- Reprodución de debuxos en cuadrícula a diferentes escalas.
- Esquema corporal de diferentes animais.
- A paisaxe. Recoñecemento de xéneros pictóricos.
- A imaxe secuenciada en viñetas.
- Investigar sobre un autor e a súa obra

## BLOQUES DE CONTIDOS

Para facilitar a concreción curricular tanto na área de Educación plástica establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

### Bloque 1. Educación audiovisual.

Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

### Bloque 2. Expresión artística.

Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

### Bloque 3. Debuxo xeométrico.

Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir, os procesos de aprendizaxe han de realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Dende esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Por outro lado, o alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a oportunidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a Teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciase no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo colaborador será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

## **OBXECTIVOS XERAIS DA E.P. PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**

A área de plástica contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA) PARA O 3º NIVEL

1. Identificar os elementos dunha imaxe.
2. Elaborar unha historia secuenciada a partir de debuxos nos que aparezan diálogos representados en bocadillos.
3. Buscar, seleccionar, copiar e pegar imaxes de Internet noutro documento.
4. Observar como se crea o cine de animación.
5. Utilizar a unidade do centímetro cos segmentos.
6. Debuxar con regra rectas perpendiculares, paralelas e oblicuas.
7. Coñecer e representar unha circunferencia e un círculo.
8. Sinalar os elementos básicos da circunferencia.
9. Coñecer os tipos de ángulos e representalos: rectos, agudos e obtusos.
10. Identificar as simetrías nas composicións modulares.
11. Coñecer e analizar o concepto de textura e identificar dous tipos de texturas: naturais e artificiais.
12. Coñecer algúns temas dentro da pintura ao longo da historia: o bodegón.
13. Aprender a usar as témperas co procedemento correcto.



## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E PERFIL COMPETENCIAL.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas.</li> <li>▪ B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.</li> <li>▪ B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.</li> <li>▪ B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.3.3. Diferencia e reconece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais.</li> <li>▪ B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</li> <li>▪ B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</li> <li>▪ B2.3. Construción de estruturas con volume.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>guía.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado.</li> <li>EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.</li> <li>EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.</li> <li>EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.</li> <li>EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.</li> <li>EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</li> <li>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo.</li> <li>B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Utilización de recursos dixitais para a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Utilizar as tecnoloxías da informa-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	elaboración de producións artísticas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).</li> </ul>	ción e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

# LINGUA GALEGA

## 3.º CURSO

### EDUCACIÓN PRIMARIA

*De acordo co*DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, publicado no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOG) o 09/09/14

## A ÁREA DE LINGUA GALEGA

- **Temporalización.**
- **Bloques de contidos.**
- **Orientacións metodolóxicas.**
- **Obxectivos xerais da E.P.para a área de lingua e literatura galega.**
- **Obxectivos da área de lingua e literatura galega para o nivel.**
- **Contidos.**
- **Criterios de avaliación.**
- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**
- **Competencias clave.**

## A ÁREA DE LINGUA GALEGA

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era de internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área.

Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

## TEMPORALIZACIÓN

### PRIMEIRO TRIMESTRE

- UNIDADE 1: lectura de textos narrativos, saúdos e presentacións, a carta, o punto e a maiúscula, o abecedario.
- UNIDADE 2: lectura dun texto narrativo, o conto; as letras, as palabras e as oracións; o Sa-maín; a coma, os dous puntos e os puntos suspensivos; os sinónimos.
- UNIDADE 3: lectura dunha receita, o Magosto, os antónimos, as sílabas, a interrogación, palabras con c e con qu.
- UNIDADE 4: lectura dunha noticia, os medios de comunicación, palabras polisémicas, o nome, a exclamación, palabras con c e con z.

### SEGUNDO TRIMESTRE

- UNIDADE 5: texto narrativo, describir persoas, os prefixos e sufixos, descripción de espazos, o adxectivo, palabras con –mp e -mb.
- UNIDADE 6: lectura dun poema, palabras compostas, o xénero e o número, palabras con r e rr, o Entroido.
- UNIDADE 7: lectura dun cómic, as onomatopeas, o artigo e as contraccións, palabras con h.
- UNIDADE 8: lectura dun texto teatral, aumentativos e diminutivos, demostrativos e posesivos, palabras con g.

### TERCEIRO TRIMESTRE

- UNIDADE 9 : lectura dun conto, os conectores, o resumo, os pronomes persoais, as palabras con x.
- UNIDADE 10 : lectura dun folleto, as familias de palabras, os numerais, os Maíos, palabras con b, familia de palabras.
- UNIDADE 11: lectura dun texto narrativo, os campos semánticos, os recursos literarios, o Día das letras Galegas, os tempos verbais.
- UNIDADE 12: lectura dun texto con instrucións, a Noite de San Xoán, o tempo verbal, verbos acabados en –aba.

### BLOQUES DE CONTIDOS

Ocurrículo para a área de Lingua galega e literatura ten unha estrutura similar nos 6 cursos da educación primaria. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente se deba corresponder a esta ordenación; ao contrario, débense producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as persoas falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprender mensaxes orais ou para producilas.

O bloque 2, Comunicación escrita: ler, recolle diversos aspectos da comprensión escrita. A lectura implicará dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regulación de estratexias que permiten operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua, ler por pracer.

O bloque 3, Comunicación escrita: escribir, potencia o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Este uso da lingua implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e da dimensión estética. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidaranse o dominio de técnicas gráficas, a relación son-grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto. O ensino do proceso de escritura pretende conseguir que



o alumnado tome conciencia deste proceso como un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores e redacción e revisión do texto definitivo.

O bloque 4, Coñecemento da lingua, integra contidos relacionados co código e coa súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o uso correcto da lingua, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo. Os contidos estrutúranse arredor de catro eixes. O primeiro é a observación da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos; o segundo aborda as relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro afonda nos elementos que participan na confección dun discurso correcto; e o cuarto céntrase na valoración e coñecemento da lingua galega dentro do contexto plurilingüe.

O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alumnas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Para acadar este obxectivo é necesario alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas que acheguen o coñecemento básico sobre algunhas obras representativas tradicionais e actuais da nosa literatura.

## ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Os tres primeiros bloques do currículo, a lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcese moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo. Con todo, para acadar unha correcta competencia en comunicación lingüística, as prácticas orais deben formar parte da actividade cotiá da aula en todas as áreas do currículo.

O cuarto bloque, debe ser abordado na aula, de forma contextualizada, relacionado coa comprensión e produción de textos, froito da concepción do coñecemento da lingua como instrumento e non como fin en si mesmo. O quinto bloque pretende reforzar o bloque 2, engadindo o achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. Do mesmo xeito, complementa o bloque 3, motivando outro tipo de produción escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado.

O tratamento de todos estes contidos ten que ser abordado desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, polo tanto, ter en conta os contidos abordados nos 5 bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias

clave.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella. O profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de lingua galega e literatura e de lingua castelá e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos teóricos cun tratamento similar. Serán os contidos do bloque 4 os que requiren unha maior distribución entre as dúas áreas, pero algúns dos tres primeiros bloques, que teñen que ver coas características da tipoloxía textual, coas normas básicas de presentación de traballos ou o uso da puntuación, tampouco deben ser abordados en ambas as áreas desde un punto de vista teórico. Do mesmo xeito, é preciso que o profesorado se decante polo uso da mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Todas estas medidas deberán ser contempladas na programación anual de cada área, para cada curso da educación primaria, onde tamén deberá mencionarse, se é preciso, a colaboración entre o profesorado para desenvolver determinadas actividades ou probas orais.

O currículo deste século non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías.

A organización do currículo en bloques e a secuencia destes non indican xerarquía nas aprendizaxes dentro do aula, ben ao contrario, estas deben ser abordadas desde enfoques comunicativos e, na medida do posible, globalizadores e interdisciplinares, que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos, desterrando das aulas prácticas rutineiras centradas na análise e descrición de unidades lingüísticas descontextualizadas. Para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais .

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado

En canto á avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, mapas conceptuais, debates, solución de problemas contextualizados,

ademais das probas específicas.

A implicación das familias non proceso de ensino-aprendizaxe é un factor a potenciar, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dáse tanto desde os ámbitos formais coma nos informais e non formais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

## OBXECTIVOS XERAIS DA E.P. PARA A ÁREA DE LINGUA GALEGA

A área de lingua galega contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- g o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA PARA O 3º NIVEL.

1. Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
3. Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
4. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
5. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
6. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.

7. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
8. escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
9. Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
10. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.
11. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
12. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...), de acordo coas características propias destes textos.
13. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
14. Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
15. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...) de acordo coas características propias destes textos.
16. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
17. Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.
18. Coñecer os diferentes usos sociais, analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuizos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.
19. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.
20. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
21. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
22. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.

## CONTIDOS/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.2. Identifica <i>quen, que e onde</i> nunha noticia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.3. Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSEIEE</li> </ul>

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>o</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
